



# Informe de revisión do Plan de Melloras 2016

Universidade de Santiago de Compostela

(Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)

## Índice

1	Introdución.....	4
2	Revisión do plan de melloras.....	5

[AM – 1 - Xestión de títulos interuniversitarios](#)

[AM – 2 – Harmonizar a avaliación da satisfacción para ter resultados globais que poidan ser facilmente interpretables](#)

[AM – 3 – Resultados/valores globais dos indicadores en títulos interuniversitarios](#)

[AM – 4 – Promover a mobilidade de todos os colectivos](#)

[AM – 5 – Mellora do sistema de rexistro da mobilidade docente e investigadora](#)

[AM – 6 – Mellora do sistema de recoñecemento de estudos ao abeiro de programas de intercambio](#)

[AM – 7 – Fomentar a impartición de docencia en inglés e portugués](#)

[AM – 8 –Potenciar a cultura da calidade](#)

[AM – 9 –Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión](#)

[AM – 10–Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas \(relacionada coa AM-8 \)](#)

[AM – 11 –Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web](#)

[AM – 12 –Plans de captación para títulos con demanda reducida](#)

[AM – 13 – Revisión do recoñecemento da carga de traballo de TFG/TFM e prácticas](#)

[AM – 14 –Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual](#)

[AM – 15 –Integrar na estrutura dos centros a xestión de tarefas administrativas de todos os títulos que se impartan nel](#)

[AM – 16 –Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado](#)

[AM – 17– Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade](#)

[AM – 18 –Seguimento continuo e global sobre a adquisición de competencias](#)

[AM – 19 –Elaboración dun modelo de guía docente ou programa](#)

AM – 20 – Incorporar como indicador de resultados da aprendizaxe para mestrados de orientación investigadora o número de egresados que defenden a tese nun PD que continúe ese mestrado

## 1 Introdución

O Plan de Melloras da USC para o ano 2016 nacíu cun triplo obxectivo:

1. Servir de apoio á Programación Plurianual da USC para o período 2015-2018 (en adiante, PP), concretando as accións específicas a levar a cabo durante a vixencia do mesmo.
2. Diseñar as melloras derivadas da revisión do Plan Estratéxico da USC 2011-2020 (en adiante, PE) para o período 2016-2020.
3. Apoiar os procesos de seguimento e acreditación de títulos con accións de mellora centralizadas.

Corresponde á Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno, como órgano de seguimento, realizar a avaliación das accións establecidas, analizando os seus resultados e a necesidade de reprogramalas, de ser o caso, para o seguinte plan de melloras.

Seguindo co formato empregado para o Plan de Melloras, cada acción recolle na súa ficha correspondente, o estado de execución e as comprobacións necesarias para o seu seguimento.

## 2 Revisión do plan de melloras

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 1 - Xestión de títulos interuniversitarios</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Dos informes de seguimento e dos informes de renovación da acreditación, extráese a necesidade de realizar un reforzo dos mecanismos de coordinación en todos os niveis das titulacións. A demanda desta coordinación é especialmente importante no caso dos títulos interuniversitarios.
		Definición/descrición proposta	Impulsar a creación dun protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de servizos.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
	Data inicio	Xaneiro de 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Coordinadores/as dos títulos interuniversitarios da USC	
Tarefa 1	Código	AM 1.1	
	Descrición tarefa	Estudo da posibilidade de harmonizar a normativa de xestión académica (admisión, permanencia...) e os prazos derivados dela.	
	Data prevista de	Decembro 2016	

	<b>finalización</b>	
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM 1.2
	<b>Descrición tarefa</b>	Estudar as diferentes posibilidades en relación coa xestión informática de matrícula, actas, acceso a Campus Virtual...
	<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro de 2016
<b>Indicadores</b>		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución. Establécese unha nova data de finalización (decembro do 2017) polo que se incluírá novamente no Plan de Melloras de 2017.
	<b>Comprobación</b>	<p>Accións realizadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo para analizar as posibilidades de integración en Xescampus (Secretaría Virtual) de estudantes doutras universidades que participan nun máster interuniversitario. Estado: inicio</li> <li>- Estudo para analizar a integración dos PDI doutras universidades na Secretaría Virtual da USC. Estado: inicio</li> <li>- Estudo para analizar a autorización de uso dos estudantes e profesores doutras universidades no Campus Virtual da USC. Estado: inicio</li> <li>- Adquisición de equipamento para a comunicación a distancia (Videoconferencia) compatible con todas as universidades participantes en títulos interuniversitarios.</li> </ul>
	<b>Data comprobación</b>	27/04/2017 (Data da revisión na CCPdCG)

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 2 – Harmonizar a avaliación da satisfacción para ter resultados globais que poidan ser facilmente interpretables</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Os diferentes sistemas de avaliación aplicados en cada universidade dificultan a obtención de información comparable.
		Definición/descrición proposta	Elaboración dun cuestionario de satisfacción único para títulos interuniversitarios co obxectivo de dispoñer de información global e uniforme para os títulos universitarios en relación coas avaliacións de satisfacción.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
	Data inicio	Marzo de 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Outras universidades	
Indicadores		Núm. de cuestionarios interuniversitarios con resultados globais a disposición dos títulos interuniversitarios.  Resultados 2016: 2 cuestionarios interuniversitarios (alumnado e PDI)	
Finalización	Estado	En execución	

	<p align="center"><b>Comprobación</b></p>	<p>En marzo de 2016 constitúese un grupo de traballo interuniversitario para o deseño de enquisas de satisfacción comúns ás titulacións interuniversitarias (satisfacción de alumnado e profesorado).</p> <p>Como fase piloto para o 2016 desenvolveuse un cuestionario de satisfacción coa titulación, dirixido a alumnado ( 7 ítems comúns entre as 3 universidades dun total de 31 ítems) e outro cuestionario dirixido a profesorado no que aínda non se puido realizar un informe conxunto por non dispoñer de datos referidos ao curso 2015/2016 nas tres universidades pero que contén tamén aspectos comúns. Nesta fase piloto, os cuestionarios de satisfacción cos títulos foron aplicados aos mestrados que durante o curso 2016/2017 deberán renovar a súa acreditación.</p> <p>Na segunda fase, a desenvolver durante o curso 2016/2017, este cuestionario de satisfacción coa titulación ampliarase a todos os títulos interuniversitarios (15) dentro do SUG, ou no que participe a USC máis algunha das outras universidades do SUG.</p>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p>27/04/2017 (data CCPdCG)</p>



ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 3 – Resultados/valores globais dos indicadores en títulos interuniversitarios</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Para os procesos de seguimento e acreditación, é necesario dispoñer de resultados globais dos títulos interuniversitarios que permitan a análise e mellora do título, tanto de xeito global como nas sedes onde se imparte.
		Definición/descrición proposta	Establecer un procedemento de transferencia de datos entre universidades para calcular os indicadores de forma global.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Outras universidades	
Indicadores		Núm. de indicadores calculados con datos de todas as sedes onde se imparte o título	
Finalización	Estado	En execución (mantense ata o 31/12/2017)	
	Comprobación	En marzo de 2016 constituíse un grupo de traballo interuniversitario, coas universidades do SUG, para a determinación de indicadores comúns. O traballo do grupo consistiu en establecer un panel de	

		<p>indicadores con idéntica fórmula de cálculo que se puidese facilitar aos títulos interuniversitarios para os procesos de seguimento de acreditación.</p> <p>O panel final está formado por 18 indicadores e calculouse para todos os títulos interuniversitarios (15 en total).</p> <p>A acción mantense para o próximo plan de melloras, con dous obxectivos:</p> <p>Traballar dentro do SUG para axilizar o procedemento de intercambio de datos entre as tres universidades.</p> <p>Ampliar a procura de indicadores comúns a outras universidades fóra do SUG de forma sistemática (e non só en procesos de acreditación).</p>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p>27/04/17 (data CCPdCG)</p>

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 4 – Promover a mobilidade de todos os colectivos</a>	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Análise causa	No contexto actual é fundamental a internacionalización dos procesos formativos, promovendo a mobilidade entre os diferentes colectivos.	
		Definición/descrición proposta	Promover a mobilidade, especialmente entre o alumnado e o PDI tanto saínte como entrante a través da sinatura de novos convenios de mobilidade e do seguimento máis sistemático dos convenios vixentes (co obxectivo de aumentar un 10% as prazas ofertadas), mellorar a participación da USC nos programas internacionais de mobilidade e difundir mellor os convenios existentes, para mellorar a mobilidade saínte global nun 5%	
		Data prevista de finalización	31/12/2016	
		Data inicio	Febreiro de 2016	
Tarefa 1	Código	AM 4 .1		
	Descrición tarefa	Procurar a participación do profesorado estranxeiro nas actividades formativas e extracurriculares que se oferten		
	Data prevista de finalización	Decembro 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Internacionalización Servizo de Relacións Exteriores Área TIC		
Indicadores	a) IN17-PC-08 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados			
		2013/2014	2014/2015	2015/2016
	Alumnado enviado	743	674	747
	Alumnado matriculado	17.056	19.646	21.347
	Resultado	4,35%	3,43%	3,49%
Se ben no último curso o resultado do indicador porcentual é				

		<p>similar ao curso 2014/2015, en números absolutos a mobilidade saínte aumentou en 73 efectivos.</p> <p>b) Núm. e porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade sobre o total de profesorado da USC.</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>2013/2014</th> <th>2014/2015</th> <th>2015/2016</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Profesorado enviado</td> <td>52</td> <td>46</td> <td>50</td> </tr> <tr> <td>Profesorado total</td> <td>2.094</td> <td>2.099</td> <td>2.043</td> </tr> <tr> <td>Resultado</td> <td>2,48%</td> <td>2,19%</td> <td>2,45%</td> </tr> </tbody> </table> <p>Durante os tres últimos cursos, as cifras mantéñense estables e aínda distantes do 5% marcado como obxectivo desta acción. Neste sentido é preciso artellar mecanismos que fomenten a mobilidade así como aumentar os recursos dispoñibles para este fin.</p>		2013/2014	2014/2015	2015/2016	Profesorado enviado	52	46	50	Profesorado total	2.094	2.099	2.043	Resultado	2,48%	2,19%	2,45%
	2013/2014	2014/2015	2015/2016															
Profesorado enviado	52	46	50															
Profesorado total	2.094	2.099	2.043															
Resultado	2,48%	2,19%	2,45%															
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (manter para o 2017)																
	<b>Comprobación</b>	<p>Esta acción está vinculada coas accións 16 e 66 da Programación Plurianual 2015-2018.</p> <p>As accións realizadas durante o ano 2016 foron:</p> <p>Listaxe dos novos convenios asinados o dos renovados durante o 2016, tanto en mobilidade de estudantes como en mobilidade de PDI&amp;PAS (ver arquivo adxunto)</p> <p>Convocatorias publicadas de mobilidade (ver arquivo adxunto)</p> <p>Resultados acadados nos programas de mobilidade de Erasmus+:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- no ka103 acadouse o financiamento de 472 mobilidades por importe de 887.705,00 €</li> <li>- no Ka107 acadouse o financiamento de 185 mobilidades por importe de 658.140,00 €</li> </ul> <p>É preciso manter esta acción ata acadar os obxectivos marcados na súa definición (nova data de comprobación 31/12/2017)..</p>																
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)																

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<a href="#">AM – 5 – Mellora do sistema de rexistro da mobilidade docente e investigadora</a>
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	É necesario dispoñer de información sobre a mobilidade docente e investigadora, para ser empregada na toma de decisións e nos procesos de seguimento e acreditación.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Definir un protocolo de rexistro de mobilidade docente e investigadora e asumir o rexistro de investigadores saíntes. A xestión de dito rexistro é función do Centro de Benvida Internacional.
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2016
		<b>Data inicio</b>	Febreiro de 2016
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicerreitoría de Internacionalización Vicerreitoría de Investigación e Innovación SXOPRA Servizo de Relacións Exteriores ÁREA TIC	
<b>Indicadores</b>		Rexistros creados de persoal docente e investigador Dende a data de lanzamento deste rexistro (24 Xullo de 2015) o total de solicitudes rexistrados é 417, das cales 317 foron aprobadas e executadas.	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (manter no PM 2017)	
	<b>Comprobación</b>	Esta acción está vinculada coa acción 16 da Programación Plurianual 2015-2018. O rexistro soamente recolle visitantes, non saíntes polo que é preciso recoller nunha aplicación similar a mesma información. Esta acción entraría a formar parte do PM17..	
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 6 – Mellora do sistema de recoñecemento de estudos ao abeiro de programas de intercambio</a>	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Análise causa	A xestión dos recoñecementos cando o alumnado participa nun programa de intercambio é complexa , provocando en moitas ocasións que se dilate o proceso de imputación no expediente.	
		Definición/descripción proposta	Determinar as áreas de mellora na xestión dos expedientes de intercambio e establecer as actuacións necesarias para axilizar o recoñecemento de contidos de intercambio, incluída unha mellora das aplicacións informáticas existentes	
		Data prevista de finalización	31/12/2016	
		Data inicio	Febreiro de 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Secretaría Xeral Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos Servizo de Relacións Exteriores Servizo de Xestión Académica Área TIC		
Indicadores		Non se contemplan		
Finalización	Estado	En execución		
	Comprobación	Esta acción está vinculada coa acción 16 da Programación Plurianual 2015-2018. Tíñase previsto elaborar unha normativa sobre as cualificacións de alumnado de intercambio, coa aprobación dunhas táboas de equivalencia, elaborando un borrador e sendo este remitido aos centros para suxestións. Sen embargo, publicouse unha resolución ministerial (con data 20 de xuño de 2016) que establece un sistema de equivalencia entre os estudos dos distintos países para o sistema español, polo que se detivo o proceso.		
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)		

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<a href="#">AM – 7 – Fomentar a impartición de docencia en inglés e portugués</a>	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	No contexto actual, cómpre aumentar a docencia impartida en inglés, ou outras linguas estranxeiras de interese, para mellorar as competencias do alumnado e promover a internacionalización dos títulos.	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Efectuouse unha revisión da situación da docencia en inglés en universidades da contorna da USC, nomeadamente as do SUG. Actualmente estase a elaborar un Plan para promover, regular e incentivar a docencia de calidade en linguas estranxeiras dentro da oferta docente da USC. Dito Plan circunscríbese nun dos obxectivos explicitamente recollidos no Plan Estratéxico de Internacionalización da USC cuxa aprobación está prevista nun futuro inmediato.	
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017	
		<b>Data inicio</b>	Febreiro de 2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicerreitoría de Internacionalización Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Vicerreitoría de Organización Académica e PDI		
<b>Indicadores de seguimento</b>		Non se contemplan		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (manter no PM 2017)		
	<b>Comprobación</b>	Esta acción está vinculada coas accións 16 e 21 da Programación Plurianual 2015-2018. Entendemos que vai ligada ao Plan Estratéxico de Internacionalización e que, polo tanto, será preciso mantela no seguinte plan.		
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 8 –Potenciar a cultura da calidade</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Precísase unha maior implicación de todos os grupos de interese no desenvolvemento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos centros da USC.
		Definición/descripción proposta	Realizar actividades formativas, especialmente entre o alumnado, para concienciar sobre a utilidade e importancia dos Sistemas de Garantía de Calidade.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
Data inicio	Febreiro de 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de actividades formativas realizadas: 3	
Finalización	Estado	En execución (manter no PM 2017)	
	Comprobación	Durante o ano 2016 realizáronse 3 actividades formativas relacionadas con esta acción, en diferentes edicións para chegar aos dous campus. Concretamente tratouse da seguinte formación:  1. Participación no programa de formación de alumnado-titor. Inclúuse, como se viña facendo en edicións anteriores, formación	



		<p>específica en Sistemas de Garantía de Calidade, facendo fincapé nas vías de participación do alumnado (órganos de seguimento dos SGC, enquisas programadas no sistemas, procedemento de queixas e suxestións da USC). En total recibiron esta formación arredor de 60 alumnos e alumnas entre os dous campus.</p> <p>2. “Sistemas de Garantía Interna de Calidade: ferramentas para o seguimento e a acreditación”, a través do PFID, dirixido a coordinadores/as e responsables de calidade. Este curso foi realizado por 46 coordinadores/as de título e responsables de calidade de facultades e escolas. Se ben a formación estaba dirixida aos procesos de seguimento e acreditación, ao formar parte dos procesos do Sistemas de Garantía de Calidade, tamén se profundou no marco xeral, buscando fomentar a visión do Sistema de Garantía de Calidade. Das tres edicións impartidas, a satisfacción global co curso foi, sobre 5 puntos, de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º edición (Santiago): 4,64</li> <li>• 2ª edición (Santiago): 3,86</li> <li>• 3ª edición (Lugo): 4,56</li> </ul> <p>Ademais, todos os participantes recomendarían a realización do curso a outras persoas.</p> <p>3. Curso de avaliador interno de Sistemas de Garantía de Calidade, dirixido a decanos/as, directores/as de facultade e escola e a responsables de calidade.</p> <p>Este curso foi realizado por 20 persoas que formarán parte dun panel de avaliadores internos da USC para a preparación e seguimento de procesos de certificación de Sistemas de Garantía de Calidade. A satisfacción global co curso foi dun 4,68 sobre 5, obtida a través dunha enquisa con un 95% de participación.</p>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p>27/04/17 (data CCPdCG)</p>

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 9 – Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso mellorar o uso da ferramenta para facilitar a xestión administrativa derivada dos SGIC así como asegurar que se emprega de xeito eficaz para a toma de decisións.
		Definición/descrición proposta	Integrar nos Plans de Formación do persoal da USC a formación necesaria para a ferramenta de xestión do ámbito da calidade.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de persoas que realizaron a formación do total de persoas aos que ía dirixido	
Finalización	Estado	En execución (manter no PM 2017)	
	Comprobación	Nota interna: considerando que deben realizar o curso 3 persoas por cada centro (responsable de calidade e dúas persoas de administración) ademais de todos os coordinadores/as de títulos de grao e máster, teríamos unhas 180 persoas ás que vai dirixido o curso. Realizaron un curso específico 6 persoas da Facultade de Ciencias e o curso do PFID 46, 52 en total. Isto dá un 28,89% de cobertura.	

		<p>O curso do PFID “Sistemas de Garantía Interna de Calidade: ferramentas para o seguimento” contiña un bloque online específico sobre a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión que realizaron todos os participantes.</p> <p>Por outra parte, dentro das accións centralizadas da convocatoria de axudas para a mellora da calidade da docencia da Vicerreitoría de Comunicación, concedeuse un curso específico para a Facultade de Ciencias que foi celebrado no mes de decembro.</p> <p>Estaba prevista unha formación dirixida a persoal de Administración e Servizos que non se puído impartir aínda xa que se considerou necesario esperar a que se executara o último concurso de provisión de postos e así poder formar ás persoas que ían desempeñar as tarefas nun futuro próximo. Esta formación impartirase durante o primeiro trimestre de 2017.</p> <p>Considérase necesario, polo tanto, manter a acción con dous obxectivos claros e diferenciados:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Impartir a formación dirixida a PAS pendente.</li> <li>2. Establecer unha edición permanente do curso do PFID Sistemas de Garantía Interna de Calidade: ferramentas para o seguimento, dirixida a formar aos responsables dos títulos e dos centros que vaian cambiando cada ano.</li> </ol>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p><b>27/04/17 (data CCPdCG)</b></p>

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 10–Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas (relacionada coa AM-8 )</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Debido á baixa participación nas enquisas cómpre aumentar a participación dos diferentes colectivos e mellorar a difusión dos resultados para promover a cultura da calidade
		Definición/descrición proposta	Reforzar a información aos distintos colectivos dos resultados das enquisas programadas dentro dos Sistemas de Garantía de Calidade para fomentar a participación.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Facultades e Escolas	
Tarefa 1	Código	AM 10 .1	
	Descrición tarefa	Difusión das diferentes enquisas aos grupos de interese avisando con suficiente antelación aos centros	
	Data prevista de finalización	Execución continua	

<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM 10.2		
	<b>Descrición tarefa</b>	Facilitar os medios e tempo ao alumnado para aumentar a participación		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2016		
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	AM 10.3		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración de informes de resultados das enquisas para dar información aos diferentes colectivos aos que van dirixidas		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2016		
<b>Indicadores de execución</b>	<b>Evolución das porcentaxes de participación por enquisa</b>			
	<b>Enquisa de valoración da docencia recibida:</b>			
		<b>2013-14</b>	<b>2014-15</b>	<b>2015-16</b>
	<b>Titulacións non renovadas</b>	10,74%	13,64%	18,57% (19,93%)
	<b>Graos</b>	28,42%	31,67%	30,34% (29,97%)
	<b>Mestrados</b>	37,59%	42,15%	44,13% (45,05%)
	<b>Global</b>	27,44%	31,63%	30,94%
	<b>Enquisa de valoración coa docencia impartida</b>			
		<b>2013-14</b>	<b>2014-15</b>	<b>2015-16</b>
	<b>Titulacións non renovadas</b>	17,78%	21,50%	--
<b>Graos</b>	25,99%	39,10%	45,05%	
<b>Mestrados</b>	26,31%	40,39%	44,22%	

		<b>Global</b>	25,02%	38,03%	44,78%
		<b>Enquisa de egresados</b>			
		<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	
		13,29%	21,06%	16,13%	
		<b>Alumnado de mobilidade saínte</b>			
		<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>		
		36,07%	30,35%		
		<b>Alumnado de mobilidade entrante</b>			
		<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>		
		20,6%	15,76%		
		<b>Prácticas externas</b>			
			<b>Alumnado</b>	<b>Titores externos</b>	<b>Titores académicos</b>
		<b>2014-15</b>	12,5%	24,9%	20,0%
		<b>2015-16</b>	14,24%	29,03%	33,89%
		<b>Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido</b>			
		<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>		
		39,00%	39,29%		
		<b>Satisfacción coa formación do PDI</b>			
		<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	
		70,4%	81,0%	59,01%*	
		<i>*Implementouse a enquisa online</i>			
		<b>Satisfacción coa formación do PAS</b>			
		<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	

		93,57%	89,5%	74,1%
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (manter para o 2017)		
	<b>Comprobación</b>	<p>Durante o ano 2016 realizouse unha comunicación sistemática da programación de todas as enquisas a todos os responsables de centros (decanatos e direccións de facultades e escolas) así como a responsables de calidade dos centros.</p> <p>Para cada unha das enquisas programadas remitíronse correos electrónicos informando do prazo no que se realizarían as enquisas con unha antelación mínima de 15 días. Ademais, nestes correos tamén se informaba de posibles accións para mellorar a porcentaxe de participación.</p> <p>Ademais, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos elaborou informes de todas as enquisas que figuran na web da área (<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/satisfacciongrupos.html">http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/satisfacciongrupos.html</a> ) e que dos que se deu conta aos diferentes colectivos nas comunicacións relativas a cada enquisa.</p> <p>En relación coa enquisa de satisfacción coa docencia recibida, unha das que máis importancia ten dentro dos SGC, por primeira vez durante este curso implementouse a visualización dos resultados de cursos anteriores desde a Secretaría Virtual do alumnado. Desta forma, cando o alumnado cubre as enquisas que lle corresponden, pode ver os resultados naqueles títulos nos que está matriculado, resultado máis visual e accesible que a través dos informes publicados na web da área.</p> <p>Segundo coa mesma enquisa, durante o curso 2015-2016 acordáronse novos criterios de certificación dos resultados dirixidos ao profesorado, que estableceron unha porcentaxe mínima de resposta (aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 22 de xullo de 2016). Seguindo nesta liña, durante o 2016/2017 a Área de Calidade levará un traballo de revisión e redefinición do cuestionario empregado que servirá ao mesmo tempo para revisar a coherencia entre todas as enquisas</p>		

		empregadas no sistema.  Cómpre, polo tanto, manter a acción no seguinte plan de melloras.
	<b>Data comprobación</b>	<b>27/04/17 (data CCPdCG)</b>



ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 11 – Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Cómpre dar maior visibilidade á información pública e, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisións do alumnado.
		Definición/descrición proposta	A posta en marcha da nova web da USC debe considerar a información pública mínima que deben ter todos os títulos e poñela a disposición dos colectivos interesados de forma sinxela.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Oficina Web Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Comprobación	Se ben os traballos para a posta en marcha da nova web están moi avanzados, aínda non está operativa.	
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)	

ACCIÓNS DE MELLORA																					
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 12 –Plans de captación para títulos con demanda reducida</a>																		
		Tipo	Acción de Mellora																		
	Definición	Análise causa	É necesario aumentar a demanda en títulos con baixa matrícula de novo ingreso, para dar cumprimento ao Decreto 222/2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as normas de desenvolvemento.																		
		Definición/descripción proposta	Establecer plans de captación específicos para aqueles títulos con demanda moi reducida.																		
		Data prevista de finalización	31/12/2016																		
		Data inicio	Marzo de 2016																		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Área de Calidade e Mellora dos Procedementos																			
Indicadores de seguimento	Evolución da matrícula de novo ingreso dos títulos con demanda reducida																				
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Alumnado de novo ingreso</th> <th>2015-16</th> <th>2016-17</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural</td> <td>11</td> <td>10</td> </tr> <tr> <td>Dobre grao en Enxeñaría Civil e en Enxeñaría Xeomática e Topografía</td> <td>5</td> <td>3</td> </tr> <tr> <td>Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural</td> <td>17</td> <td>23</td> </tr> <tr> <td>Grao en Enxeñaría Civil</td> <td>33</td> <td>16</td> </tr> <tr> <td>Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais</td> <td>37</td> <td>49</td> </tr> </tbody> </table>			Alumnado de novo ingreso	2015-16	2016-17	Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	11	10	Dobre grao en Enxeñaría Civil e en Enxeñaría Xeomática e Topografía	5	3	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	17	23	Grao en Enxeñaría Civil	33	16	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	37	49
	Alumnado de novo ingreso	2015-16	2016-17																		
	Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	11	10																		
	Dobre grao en Enxeñaría Civil e en Enxeñaría Xeomática e Topografía	5	3																		
	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	17	23																		
	Grao en Enxeñaría Civil	33	16																		
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	37	49																			

		Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	9	4
		Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	38	26
		Grao en Filoloxía Clásica	24	29
		Grao en Filosofía	54	58
		Grao en Lingua e literatura galegas	41	29
		Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	42	39
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (mantense para o PM 2017)		
	<b>Comprobación</b>	<p>Información Plans de Captación</p> <p>Desde o Programa A Ponte, e tamén dende os centros responsables, reforzouse o contacto co ensino medio, especialmente nas titulacións con problemas de captación de alumnado.</p> <p>Polo momento só se pode valorar un ano e as accións dos plans de viabilidade están comprometidas para, cando menos, tres cursos académicos. Non obstante, dous dos nove títulos en plans de viabilidade (Filosofía e Enxeñaría de Procesos Químicos) acadaron no curso 2016/2017 o número mínimo de matrícula establecido no Decreto 222/2011.</p> <p>Debido ao exposto no punto anterior, esta acción debe continuar en plans de mellora posteriores. Para o ano 2017 seguiranse executando plans de captacións específicos para estas titulacións, que estarán dotados cunha contía de 4.000 € por título para empregar en actividades de difusión e captación.</p>		
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 13 – Revisión do recoñecemento da carga de traballo de TFG/TFM e prácticas</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Á vista dos diferentes informes de seguimento e acreditación, a carga de traballo que supoñen os TFG/TFM non está ben recoñecida polo que compre analizar e determinar as horas lectivas que correspondan.
		Definición/descrición proposta	Recoñecer a carga real de traballo que supón a titorización de TFG/TFM
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa	
Indicadores		Número de horas recoñecidas ao profesorado pola titorización de TFG/TFM	
Finalización	Estado	En execución	
	Comprobación	Esta acción está vinculada coa acción 52 da Programación Plurianual 2015-2018.	
	Data comprobación	27/04/17(data CCPdCG)	

ACCIÓNS DE MELLORA									
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 14 –Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual</a>						
		Tipo	Acción de Mellora						
	Definición	Análise causa	Resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Cómpre intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental.						
		Definición/descrición proposta	Reforzar as actividades do Plan de Formación e Innovación Docente destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual.  Desenvolver proxectos de innovación docente en MOOC e de apoio das TIC á docencia.						
		Data prevista de finalización	31/12/2016						
		Data inicio	Marzo de 2016						
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa  Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe							
Indicadores de seguimento		a) Número e evolución das actividades ofertadas dentro do PFID relacionadas co uso das tecnoloxías para a docencia							
			<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>2014-15</th> <th>2015-16</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da</td> <td>50 cursos (12</td> <td>40 curso (15</td> </tr> </tbody> </table>		2014-15	2015-16	Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da	50 cursos (12	40 curso (15
	2014-15	2015-16							
Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da	50 cursos (12	40 curso (15							

		información e da comunicación aplicadas á docencia.	temáticas)	temáticas)
		b) Número e evolución das aulas abertas no Campus Virtual		
			2014-15	2015-16
		Número de aulas	4832	7691
		Numero de usuarios	29533	30015
		<p>Durante este período todas as materias en POD de Grao e Posgrao Oficial dispoñen dunha aula virtual asociada. Asemade, dase soporte baixo demanda a accións de formación continua, posgrado propio e IV Ciclo.</p> <p>No curso 2015-2016 incrementouse a oferta coa creación automática das aulas de coordinación (curso, titulación).</p>		
Finalización	Estado	En execución (manter no PM 2017)		
	Comprobación	--		
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 15 –Integrar na estrutura dos centros a xestión de tarefas administrativas de todos os títulos que se impartan nel</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	A estrutura administrativa dos centros debe dar cobertura a todos os procesos relacionados coa docencia e a todos os estudos impartidos no centro.
		Definición/descrición proposta	Integrar a xestión administrativa dos títulos de máster na estrutura administrativa dos centros.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Xerencia Unidades de Apoio para a xestión de Centros e Departamentos	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Comprobación	Esta acción está vinculada ás accións 63 e 64 da Programación Plurianual 2015-2018 da USC e a súa finalización está prevista para xullo de 2017. Mantense polo tanto para o seguinte Plan de Melloras.  Neste ámbito, a modificación organizativa para que as unidades de apoio a centros e departamentos asuman a totalidade da xestión administrativa dos centros, incluídos os mestrados, foi aprobada en Consello de Goberno (buscar en cal).	

		Queda pendente para a seguinte fase a aprobación das Programacións Administrativas Anuais e o seu desenvolvemento, prevista para xullo de 2017.
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17(data CCPdCG)



ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 16 – Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	O alumnado descoñece aspectos da vida diaria da universidade.
		Definición/descrición proposta	Fomentar a elaboración de Guías para o alumnado de cada centro e asegurar que eses contidos forman parte da formación que reciben os alumnos-titores. Organizar actos de acollida e recepción para os estudantes, agrupados por categorías (novo ingreso, estudantes de mobilidade entrante, ...)
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Facultades e Escolas Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de centros que dispoñen de guías de acollida para o alumnado de novo ingreso  CC. Educación CC. Económicas Fac. Farmacia Fac. Filoloxía (+-) Fac. Filosofía Fac. Física (+-) Fac. Matemáticas	

		<p>Fac. Óptica (+-)</p> <p>Fac. Psicoloxía</p> <p>Fac. Química</p> <p>Fac. RR. LL</p> <p>Fac. Xeografía e Historia</p> <p>ETSE</p> <p>Fac. ADE</p> <p>Fac. Humanidades</p> <p>Fac. Veterinaria</p> <p>EPS</p> <p>EU Traballo Social</p> <p>18/28</p> <p>Número de actividades de acollida realizadas: 28</p>
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución (mantense para o PM 2017)
	<b>Comprobación</b>	<p>Mantense a acción na seguinte planificación co seguinte obxectivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar unha guía para programas de acollida e/ou acción titorial, a partir da revisión das guías xa existentes.</li> <li>- Implementar esta nova guía en todos os centros que xa dispoñen de accións parcialmente sistematizadas, adaptándoa se é necesario, e desenvolver esta ferramenta nos centros que aínda non teñen un plan de acollida e/ou de acción titorial.</li> </ul>
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM - 17- Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Derivado dos procesos de acreditación, detectáronse incoherencias entre as Memorias Verificadas dos Títulos e o desenvolvemento actual.
		Definición/descripción proposta	Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade que distribúa claramente as actividades a realizar, de acordo cos procesos establecidos no Manual do sistema.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Finalización	Estado	Executada	
	Comprobación	<p>Para o desenvolvemento desta acción realizáronse as seguintes actividades, de forma coordinada entre os servizos implicados:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1- Elaboración dunha guía de acreditación por parte da ACMP (Fase I: presentación da documentación e Fase 2: a visita).</li> <li>2- Formación aos responsables dos títulos a través do curso do PFID “Sistemas de Garantía de Calidade: ferramentas para o seguimento e a acreditación”.</li> <li>3- Calendario de visitas aos centros con títulos que debían renovar a súa acreditación, realizando unha ou varias reunións para explicar o proceso e resolver dúbidas.</li> </ol>	

		Todos os títulos implicados renovaron a súa acreditación con éxito polo que a acción dáse por finalizada e intégrase dentro do funcionamento normal dos servizos implicados.
	<b>Data comprobación</b>	27/04/17 (data CCPdCG)

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 18 –Seguimento continuo e global sobre a adquisición de competencias</a>	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Análise causa	Para obter información continua sobre a adquisición de competencias, cómpre aumentar a participación na enquisa de egresados	
		Definición/descrición proposta	Elaborar unha guía das accións para o aumento da participación que teñen máis éxito e darlle difusión entre os centros.	
		Data prevista de finalización	31/12/2016	
		Data inicio	Marzo de 2016	
	Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Facultades e Escolas	
Indicadores de seguimento		Porcentaxe de participación na enquisa de egresados		
		2013/2014	2014/2015	2015/2016
		13,29%	21,06%	16,13% (provisional-falta restar correos devoltos)
Finalización	Estado	En execución (manter no PM 2017)		
	Comprobación	A planificación establecida no procedemento non se levou a cabo durante o curso 2015/2016, facendo a segunda parte da enquisa, correspondente ao 2º semestre no mes de decembro. Isto prexudicou claramente a taxa de resposta, polo que é preciso poñer os mecanismos precisos para evitar este feito.		

		<p>Por outra parte é preciso facer unha análise por centros para ver onde se deron casos de alta participación e estudar as medidas implementadas, co fin de desenvolver unha estratexia que permita aumentar a participación dos egresados nunha enquisa fundamental para o seguimento das competencias.</p> <p>Mantense, polo tanto, no Plan de Melloras do 2017.</p>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p>27/04/17 (data CCPdCG)</p>

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 19 –Elaboración dun modelo de guía docente ou programa</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso que se inclúan os sistemas de avaliación das competencias que adquire o alumnado en cada materia e de xeito global no título
		Definición/descripción proposta	Elaborar un modelo de guía docente ou programa que inclúa as competencias que debe adquirir o alumno e o seu sistema de avaliación.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
Data inicio	Marzo de 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución (manter no PM 2017)	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<a href="#">AM – 20 – Incorporar como indicador de resultados da aprendizaxe para mestrados de orientación investigadora o número de egresados que defenden a tese nun PD que continúe ese mestrado</a>
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Cómpre mellorar a información dispoñible sobre os títulos de máster de orientación investigadora.
		Definición/descrición proposta	Proporcionar información sobre o número de teses defendidas en PD que continúen ese título de máster
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións
	Indicadores de seguimento		Número de títulos de máster con perfil investigador aos que se lles facilita este indicador
Finalización	Estado	En execución (mantense para o 2017)	
	Comprobación	<p>Durante o 2016 déronse os primeiros pasos para o seguimento e acreditación dos programas de doutoramento. Neste sentido, as tres universidades do SUG traballaron conxuntamente para facer unha proposta á ACSUG e para establecer un panel de indicadores conxunto. A ACSUG non dispón aínda dunha guía aprobada que permita traballar con indicadores definitivos.</p> <p>Paralelamente, dentro da USC, desenvolveuse a extracción de información para o almacén de datos habitual (Data Warehouse), desde distintas ferramentas (Xescampus, Investigación...).</p>	



		<p>A execución desta acción está condicionada ao desenvolvemento do exposto anteriormente. Cómpre, polo tanto, manter no seguinte Plan de Melloras esta acción para executala cando sexa viable tecnicamente.</p>
	<p><b>Data comprobación</b></p>	<p>27/04/17 (data CCPdCG)</p>